



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: RESOLUCIÓN DA ACTA DOS PROCESOS SELECTIVOS INCLUÍDOS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VILASANTAR PARA O ANO 2022 DE PERSOAL LABORAL FIXO A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN PARA 1 PRAZA DE PEÓN TRACTORISTA E MANTEMENTO E 1 PRAZA DE PEÓN MANTEMENTO E 1 PRAZA DE LIMPADOR/A.

2022/E003/000001
2023/G003/000141

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vista a Acta de data 31 de marzo de 2023, dos procesos selectivos incluídos na oferta de emprego público do Concello de Vilasantar para o ano 2022 de persoal laboral fixo a través do sistema de concurso oposición para 1 praza de peón tractorista e mantemento, 1 praza de peón de mantemento e 1 praza de limpador/a, e que se transcribe a continuación:

“ACTA DOS PROCESOS SELECTIVOS INCLUÍDOS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VILASANTAR PARA O ANO 2022: 1 PRAZA DE PEÓN TRACTORISTA E MANTEMENTO, 1 PRAZA DE PEÓN MANTEMENTO E 1 PRAZA DE LIMPADOR/A PERSOAL LABORAL FIXO POR CONCURSO OPOSICIÓN DO CONCELLO DE VILASANTAR.

Visto que mediante por Resolución da Alcaldía nº 123/2023 de data 23/03/2023 (BOP nº 62 de data 30 de marzo de 2023) se aprobou a listaxe definitiva de admitidos e excluídos de diversos procesos selectivos incluídos na oferta de emprego público do Concello de Vilasantar do ano 2022 e se nomeou tribunal cualificador.

Na casa do Concello de Vilasantar sendo as 09:00 horas do día 31 de marzo de 2023 reúnen os membros do tribunal cualificador dos procesos selectivos mencionados, que son:

- Presidenta:
Elisabet Rodríguez López, persoal laboral fixo da administración local.
- Secretaria:
M^a Montserrat Varela Vázquez, funcionaria de administración local.
- Vogais:
Alberto Lavandeira Fontecoba, persoal laboral fixo da administración local.
Jose Manuel Boado Sánchez, persoal laboral fixo da administración local.
Manuel Vázquez García, persoal laboral fixo da administración local.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Iniciados os procesos selectivos mediante concurso oposición, para persoal laboral fixo a xornada completa, das prazas de:

- 1 praza de peón tractorista e mantemento
- 1 praza de peón mantemento
- 1 praza de limpador/a

* Sendo as 09:00 iniciase o proceso de valoración da fase de concurso.

1º.- Realízase a fase de concurso de 1 praza de persoal laboral fixo peón tractorista e mantemento, segundo a documentación presentada polos candidatos admitidos definitivamente, que se puntuou ata un máximo de 40 puntos (máximo: 20 puntos méritos profesionais e máximo 20 puntos formación).

O tribunal sumou o total dos puntos obtidos na fase de concurso, quedando a puntuación total dos candidatos do seguinte xeito:

FASE DE CONCURSO		Méritos profesionais	Formación	TOTAL
48****3C	DAVID NOVO MATO	30	10	40
53****0C	MARTÍN GÓMEZ VÁZQUEZ	15,60	10	25,60

2º.- Realízase a fase de concurso de 1 praza de persoal laboral fixo peón de mantemento, segundo a documentación presentada polo candidato admitido definitivamente, que se puntuou ata un máximo de 40 puntos (máximo: 30 puntos méritos profesionais e máximo 10 puntos formación).

O tribunal sumou o total dos puntos obtidos na fase de concurso, quedando a puntuación total do candidato do seguinte xeito:

FASE DE CONCURSO		Méritos profesionais	Formación	TOTAL
78****2H	SALVADOR MANUEL GARCÍA QUINTELA	20	20	40

3º.- Realízase a fase de concurso de 1 praza de persoal laboral fixo limpador/a, segundo a documentación presentada polos candidatos admitidos definitivamente, que se puntuou ata un máximo de 40 puntos (máximo: 13 puntos méritos profesionais, 22 puntos formación e 5 puntos outros méritos).

O tribunal sumou o total dos puntos obtidos na fase de concurso, quedando a puntuación total dos candidatos do seguinte xeito:

FASE DE CONCURSO		Méritos profesionais	Formación	TOTAL
32****4X	Mª JESÚS PIÑEIRO LÓPEZ	13	27	40
47****0V	DIEGO LÓPEZ FREIRE	Non presentado		



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



* Sendo as 10:00 horas e presentado o aspirante convocado procédese a realización da proba de galego:

DNI	Nome e apelidos
48****3C	DAVID NOVO MATO

Declárase apto o aspirante despois de superar a proba de galego.

* Sendo as 10:15 horas e presentados os/as aspirantes convocados/as procédese a realización da 1ª fase de oposición (test 30 preguntas, máximo 30 puntos, mínimo 15 puntos; pregunta acertada +1 puntos, pregunta errada -0,30puntos):

FASE DE OPOSICIÓN		TOTAL
Peón tractorista e mantemento		
48****3C	DAVID NOVO MATO	28,70
53****0C	MARTÍN GÓMEZ VÁZQUEZ	27,30
Peón de mantemento		
78****2H	SALVADOR MANUEL GARCÍA QUINTELA	29,70
Limpador/a		
32****4X	Mª JESÚS PIÑEIRO LÓPEZ	28
47****0V	DIEGO LÓPEZ FREIRE	NP

Segundo a base quinta das bases xerais, para a fase de oposición, o prazo mínimo entre exercicios será de 48 horas, agás que haxa consenso entre o tribunal e todo o persoal aspirante, concedendo un descanso de 30 minutos poderase realizar o 2º exercicio no mesmo día.

Polo que o Tribunal en consenso con todo o persoal aspirante acorda realizar o 2º exercicio.

* Sendo as 11:15 horas e presentados os/as aspirantes convocados/as procédese a realización da 2ª fase de oposición (proba practica, máximo 30 puntos, mínimo 15 puntos):

FASE DE OPOSICIÓN		TOTAL
Limpador/a		
32****4X	Mª JESÚS PIÑEIRO LÓPEZ	28
47****0V	DIEGO LÓPEZ FREIRE	NP

* Sendo as 11:40 horas e presentado o aspirante convocado procédese a realización da 2ª fase de oposición (proba practica, máximo 30 puntos, mínimo 15 puntos):



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



VILASANTAR
Un refuxio natural

FASE DE OPOSICIÓN		TOTAL
Peón de mantemento		
78****2H	SALVADOR MANUEL GARCÍA QUINTELA	25

* Sendo as 11:55 horas e presentados os aspirantes convocados procédese a realización da 2ª fase de oposición (proba practica, máximo 30 puntos, mínimo 15 puntos):

FASE DE OPOSICIÓN		TOTAL
Peón tractorista e mantemento		
48****3C	DAVID NOVO MATO	28
53****0C	MARTÍN GÓMEZ VÁZQUEZ	26

O tribunal sumou o total dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición quedando a puntuación total dos/as candidatos/as do seguinte xeito:

Peón tractorista e mantemento

		Concurso	Oposición	TOTAL
48****3C	DAVID NOVO MATO	40	56,70	96,70
53****0C	MARTÍN GÓMEZ VÁZQUEZ	25,60	53,30	78,90

Peón de mantemento

		Concurso	Oposición	TOTAL
78****2H	SALVADOR MANUEL GARCÍA QUINTELA	40	54,70	94,70

Limpador/a

		Concurso	Oposición	TOTAL
32****4X	Mª JESÚS PIÑEIRO LÓPEZ	40	56	96
47****0V	DIEGO LÓPEZ FREIRE		NP	

Elévase dita relación ao Sr. Alcalde para que proceda á formalización dos contratos laborais fixos correspondentes.

A Presidenta da por rematada a reunión ás 12:30 horas.

...

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local

Segundo: Propoñer a formalización dos contratos laborais fixos correspondentes, os candidatos/as que obtiveron a maior puntuación, dos seguintes candidatos/as:

1 praza de persoal laboral fixo peón tractorista e mantemento:

FASE DE CONCURSO		Total
48****3C	DAVID NOVO MATO	96,70
53****0C	MARTÍN GÓMEZ VÁZQUEZ	78,90

1 praza de persoal laboral peón de mantemento:

FASE DE CONCURSO		Total
78****2H	SALVADOR MANUEL GARCÍA QUINTELA	94,70

1 praza de persoal laboral fixo limpadora:

FASE DE CONCURSO		Total
32****4X	M ^a JESÚS PIÑEIRO LÓPEZ	96,00

Terceiro: Segundo as bases que rexen estes procesos concédese un prazo de dous días hábiles, contados a partir da publicación da valoración do proceso, para a presentación de alegacións.

Cuarto: O persoal aspirante de maior puntuación deberá achegar a documentación citada nas bases polas que rexeron estes procesos selectivos, no prazo de vinte días naturais, a contar dende o día seguinte a aquel en que se fixese pública a puntuación final dos procesos.

Quinto: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu a secretaria, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE